

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV02	Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2018/2019	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FERNANDO CÁCERES GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contribúe a que o alumno alcance as competencias para a aprendizaxe permanente e contén información para que o alumno sexa consciente da súa propia perdoa e do mundo que o rodea. Trátase de facilitar a permanencia do alumnado no sistema educativo e ofrecerlle máis posibilidades de desenvolvemento profesional e persoal. Os contidos están deseñados para consolidar hábitos de vida saudables en todos os aspectos da vida cotiá, e para ter unha visión integrada de todas as ciencias; resolución de problemas matemáticos e a linguaxe empregada nela tamén está pensada para axudar ao alimno na súa vida cotiá e laboral. Pretenden involucrar al alumnado na súa propia aprendizaxe.

As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permitan alcanzar as competencias do módulo versarán sobre:

- Utilización de números e operacións para resolver problemas
- Recoñecemento das formas da materia
- Comprensión global dos diferentes sistemas e órganos dentro das funcións vitais
- Recoñecemento e uso de material de laboratorio
- Identificación e localización das estruturas atómicas
- Importancia da alimentación para unha vida saudable
- Resolución de problemas no ámbito científico e cotiá
- Clasifica as enfermidades identificando síntomas e posibles riscos



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	ARITMÉTICA		45	20
2	PROPORCIONALIDADE		15	7
3	ÁLXEBRA		25	12
4	O CORPO HUMANO		30	15
5	SAÚDE		40	20
6	A MATERIA		25	12
7	A ENERXÍA		20	10
8	LABORATORIO		10	4

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	ARITMÉTICA	45

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades
CA1.5 Utilízouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	PROPORCIONALIDADE	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais
CA1.10 Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás

4.2.e) Contidos

Contidos
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes.
As porcentaxes na economía.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ALXEBRA	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas
CA9.2 Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC

4.3.e) Contidos

Contidos
Progresións aritméticas e xeométricas.
Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.
Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O CORPO HUMANO	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.2 Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
CA6.4 Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor
CA6.5 Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas

4.4.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.
Fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	SAÚDE	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas	SI
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse situacións de saúde e de doenza para as persoas
CA7.2 Descríbense os mecanismos encargados da defensa do organismo
CA7.3 Identifícanse e clasifícanse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñécense as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos
CA7.4 Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido
CA7.5 Descríbiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas
CA7.6 Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas
CA7.7 Descríbiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes
CA7.8 Recoñécense situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo
CA7.9 Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás
CA8.1 Discrimínase entre o proceso de nutrición e o de alimentación
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta
CA8.5 Realízase o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos

4.5.e) Contidos

Contidos
Saúde e doenza: concepto e diferenciación.
Tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.



Contidos

Mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.

Hixiene e prevención de doenzas. Tratamento fronte ás doenzas infecciosas. Vacinas.

Transplantes e doazóns.

Saúde mental: prevención de drogodependencias e de trastornos alimentarios.

Hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.

Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.

Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.

Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.

Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A MATERIA	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	SI
RA4 - Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse as propiedades da materia
CA3.2 Practícaronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade
CA3.4 Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica
CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia
CA3.6 Identificáronse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos
CA3.7 Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado
CA3.8 Identificáronse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza
CA3.9 Recoñecéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición
CA3.10 Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos
CA4.1 Identificouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos
CA4.5 Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos
CA4.6 Descríbóronse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC
CA4.7 Traballouse en equipo na realización de tarefas

4.6.e) Contidos

Contidos



Contidos

Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.

Materia: propiedades.

Clasificación da materia segundo o seu estado de agregación e composición.

Estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.

Sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. Estados de agregación dos materiais na natureza.

Natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.

Substancias puras e mesturas: identificación, descrición e diferenciación.

Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.

Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.

Características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.

Traballo en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A ENERXÍA	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía
CA5.2 Recoñécéronse diversas fontes de enerxía
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable
CA5.4 Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC
CA5.5 Aplicáronse cambios de unidades de enerxía
CA5.6 Amosouse, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía
CA5.7 Describíronse procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía

4.7.e) Contidos

Contidos
Manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta intervén.
Fontes de enerxía renovable e non renovable: identificación. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.
A enerxía na vida cotiá: identificación de situacións próximas.
Formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.
Enerxía, calor e temperatura. Unidades máis habituais do Sistema Internacional.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	LABORATORIO	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA2.2 Manipuláronse adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio
CA2.3 Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar

4.8.e) Contidos

Contidos
Normas xerais de traballo no laboratorio.
Normas de seguridade e hixiene no laboratorio.
Materiais de laboratorio: tipos e utilidade.
Técnicas experimentais. Manexo da instrumentación do laboratorio na realización de actividades prácticas.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA

- Recoñecer e diferenciar os tipos de números, representar na recta real.
 - Utilizar a xerarquía das operacións.
 - Interpretar e utilizar os números reais e as operacións en diferentes contextos.
 - Manexar e interpretar a notación científica.
 - Utilizar a proporcionalidade directa e inversa en problemas sinxelos así como a regra de tres. Comparar e transformar magnitudes.
 - Calcular e interpretar porcentaxes en diferentes contextos.
 - Traducir situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
 - Transformar expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
 - Factorizar expresións alxébricas sinxelas e identificar identidades notables.
 - Resolver ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
 - Aplicar métodos gráficos de resolución de problemas.
-
- Usar técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Comprender e coñecer as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.
 - Coñecer os materiais de laboratorio: tipos e utilidade.
 - Transformar unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal.
 - Clasificar a materia segundo o seu estado de agregación e composición.
 - Identificar os estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.
-
- Identificar sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. .
 - Comprender a natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.
 - Identificar e Diferenciar substancias puras e mesturas. Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.
 - Coñecer as Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.
 - Enumerar as características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.
 - Saber traballar en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.
 - Coñecer as manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta intervén.
 - Identificar fontes de enerxía renovable e non renovable. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.
 - Enumerar as formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.
 - Diferenciar entre enerxía, calor e temperatura. Coñecer as unidades máis habituais do Sistema Internacional.
-
- Coñecer os niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
 - Comprender a fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
 - Comprender a fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.
 - Comprender a fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.

Diferenciar entre saúde e doenza.

Identificar os tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.

Enumerar os mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.

Coñecer os hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.

Diferenciar alimentos e nutrientes. Identificar os nutrientes presentes nos alimentos.

Enumerar hábitos saudables relacionados coa alimentación. E recoñecer a importancia do exercicio físico.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada trimestre será o resultado promedio das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de Avaliación:

-A: Probas Escritas (60%)

Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 2 decimais. A nota de este apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas.

-B: Traballos e actividades (35%)

O profesor valorará globalmente de 0 a 10 puntos: traballo na aula, tarefas para casa, caderno de clase e rigor na presentación dos resultados .

- C: Interése pola materia e participación en clase (5%)

A aplicación da fórmula anterior seguida do oportuno redondeo, levará á cualificación trimestral definitiva. O alumno ou alumna que nunha avaliación trimestral obteña unha cualificación inferior a 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación, que será, con carácter preferente, unha proba escrita eventualmente conmutable por un traballo. A nota obtida na recuperación só terá valor significativo cando sexa superior á obtida na avaliación. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación, obtida directamente ou despois da recuperación, sexa igual ou superior a 5 . Se nalgunha das dúas partes (A ou B) o/a alumno/a obtén unha cualificación de CERO puntos, non se poderá facer media, co cal o alumno/a estará suspenso e deberá facer recuperación da materia. Se o alumno/a precisa facer recuperación, a cualificación final será de 5, independentemente da nota obtida no exame.

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo). Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado o redondeo sobre a media anterior obteña unha puntuación igual ou superior a 4,5 puntos. Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspenso se a cualificación desta é de 3 ou 4 puntos e a media das tres avaliacións cumpre o indicado. No caso de participación en proxectos didácticos e /ou curriculares, estes valoraranse, como máximo, nun 10 % desta nota final (ou parcial se os proxectos son trimestrais). Se nalgunha das dúas partes (A ou B) o/a alumno/a obtén unha cualificación de CERO puntos, non se poderá facer media, co cal o alumno/a estará suspenso e deberá facer recuperación da materia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que tivese algunha avaliación suspensa, farase unha proba de recuperación por cada avaliación suspensa, ó final do curso. Cada proba incluírá cuestións teóricas e prácticas da materia da avaliación suspensas. Estas probas poderán ser escritas e/ou prácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Procedementos de avaliación:

Segundo a normativa vixente, o alumnado que teña mais do 10% de faltas de asistencia, perderá o dereito a avaliación continua, e terá que ser avaliado ó final da impartición do módulo.

O titor comunicarlle por escrito ó alumno, cando teña o 6% das faltas, unha advertencia sobre esta situación, e se chega ó 10% comunicarlle a perda da avaliación continua.

Chegados a esta situación de perda do dereito á avaliación continua poderá non permitirse ó alumno a realización das actividades prácticas.

Así mesmo, o alumno que perdera o dereito á avaliación continua terá un sistema extraordinario de avaliación. Dito proceso consistirá na realización de dúas probas, unha escrita e outra práctica.

O desenvolvemento de estas probas terá lugar ó final do terceiro trimestre, sendo informado o alumno destas datas con anterioridade.

Instrumentos de Avaliación:

- Proba escrita.
- Proba práctica.

Criterios de cualificación:

- Proba escrita 50%. (Cuestións teóricas)
- Proba práctica 50%. (Resolución de exercicios e/ou prácticas)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os indicadores de logro son unhas serie de preguntas que servirán para reflexionar sobre a actuación do profesorado co alumnado e sobre todos os aspectos recollidos na programación:

DIVERSIDADE:

- Adapto a programación ás características e necesidades especiais dos alumnos e alumnas
- Adapto o material ás características e necesidades dos alumnos, realizando traballos individualizados e diferentes tipos de exercicios.
- En función dos diferentes perfís do alumnado, organizo axudas entre iguais no grupo.
- Fortalezo os grupos interactivos

PROGRAMACIÓN:

- Análizo e marco dentro da programación as competencias clave e fundamentais da materia.
- Defino, en cada unidade didáctica, competencias concretas mediante as que avaliarei aos alumnos.
- É realista a programación en canto a contidos e temporalización.

ACTIVIDADES DE AULA

- Actividades plurais, amplas, de longo percorrido, que fagan pensar, que dan a oportunidade de buscar diferentes recursos, que dea opción de normalizar o traballo.
- Doulle a oportunidade ao alumnado de participar na avaliación do resultado do seu traballo, promovendo a crítica construtiva.
- Organizo o tempo de clase. Organizo a forma de traballo (individual, por parellas, por grupo). Desenvolvo diferentes materiais.



- Uso das novas tecnoloxías.
- Traballo da expresión oral e diferentes tipos de textos.

AVALIACIÓN

- Utilizo diferentes tipos de probas para realizar a avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo, exposicións orais.)
- Utilizo diferentes rexistros de observación para realizar a avaliación (notas no caderno do profesor: tarefas realizadas de forma satisfactoria ou non, achegas, competencias básicas, etc.)
- Na sesión de avaliación, proporciono ao titor/a todos os datos que precisa, para que poda completar correctamente todos os apartados da acta, concretar a recuperación do alumnado e realizar, a posteriori, unha mellor interpretación dos resultados do grupo.
- Sobre os materiais utilizados: permiten a manipulación, son accesibles para os alumnos, atractivos, suficientes.
- Se a planificación foi a axeitada: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para os alumnos, significatividade para o proceso de aprendizaxe, baseadas nos intereses do alumnado, con obxectivos ben definidos, propostas de aprendizaxe colaborativa.
- Se o profesor/a soubo motivar aos alumnos, espertar a súa curiosidade, crear o conflito cognitivo, colocalos na súa zona de desenvolvemento próximo e ofrecerlles a axuda adecuada para facelos progresar no desenvolvemento dos seus esquemas cognitivos, se todos participan activamente, conseguiron o seu nivel máximo de desenvolvemento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Mediante a avaliación inicial, detectaremos os aspectos, carencias ou dificultades de tipo académico ou psico-físicas do alumnado.

A avaliación inicial realizarase durante o primeiro mes de curso escolar seguindo os seguintes pasos:

Os titores realizarán unha avaliación inicial do alumnado cos datos obtidos por el mesmo e por outros profesores/as como punto de partida.

O titor ou titora analizará os informes persoais da etapa educativa anterior.

Posteriormente convocarase unha sesión de avaliación inicial, co fin de coñecer e avaliar a situación do alumno en canto o grado de desenrolo das competencias básicas e o dominio dos contidos das distintas materias.

Dita avaliación será o punto de partida do equipo docente para a toma de decisións relativas ó desenrolo do currículo e pra a súa adecuación ás características e coñecemento do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se detectáranse dificultades de tipo académico preveranse as seguintes medidas de reforzo:

- Atención personalizada.
- Exercicios máis sinxelos.
- Variación e flexibilidade das agrupacións dos alumnos/as.
- Ampliación do tempo pra realizar as actividades.

Se as dificultades son de tipo psico-físicas, o profesorado do módulo xunto co xefe do departamento, e en colaboración co departamento de orientación do centro, tomarán as medidas oportunas para poder acadar os obxectivos mínimos.

Para o alumnado que supere amplamente os obxectivos mínimos preveranse as seguintes medidas de ampliación:

- Realización de exercicios máis complexos que favorezan a aprendizaxe autónoma.
- Iniciación ou profundización no coñecemento de novos conceptos

9. Aspectos transversais



9.a) Programación da educación en valores

O sistema educativo promove o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas, polo que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

O tratamento dos temas transversais maniféstase de diversas formas: mediante a actitude no traballo en clase, na formacións dos grupos, nos debates... Esta presenza concrétese no módulo científico a través dos contextos dos problemas, exercicios ou situación que se tratan na clase. Algunhas das ensinanzas transversais nesta área son:

Educación moral e cívica: calquera actividade na que aparezan diferenzas de raza, relixión ou ideais pode servir para fomentar valores de solidariedade, igualdade ou cooperación.

Educación para a paz: identificar elementos estatísticos presentes nas argumentacións sociais, políticas e económicas, analizando críticamente as funcións que desempeñan.

Educación do consumidor: utilizar as formas do pensamento lóxico para organizar informacións relativas a vida cotiá; interpretar e analizar críticamente os elementos presentes nas noticias e na publicidade.

Educación para a saúde: ter en conta as prácticas saudables, comprender a importancia do consumo, o a falta do mesmo, de certas sustancias para a saúde así como os efectos beneficiosos da práctica do deporte ou os riscos dos bruscos cambios de peso.

Educación ambiental: valorar a importancia do reciclado, a reutilización e a redución de recursos para coidar o entorno, a necesidade de evitar a contaminación da auga para conservar a biodiversidade.

Educación para a igualdade de sexos: fomentar o recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros para desempeñar todo tipo de tarefas, así mesmo o respecto e a valoración das solución que cada un aporta. As actividades que se desenvolven en grupo favorecen a comunicación, unha correcta convivencia; os agrupamentos heteroxéneos facilitan a asimilación da igualdade entre os sexos.

Educación vial: interpretar representacións planas de espazos e obter información sobre posicións e orientacións, así como utilizar con soltura escalas numéricas ou a interpretación de informacións horarias relativas a medios de transporte.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Obradoiro de prevención de Drogodependencias (Organiza: Asociación Renacer e a U.A.D de Ribeira)

Celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero (Organiza: Orientadora e titores/as de FPB e o CIM)

Charla sobre drogas e alcol (Organiza: Policía Nacional de Ribeira)

Charla prevención de riscos laborais (Organiza: Persoal de RR.HH ou Bombeiros)

Obradoiro de sexo seguro e prevención de enfermidades transmisión sexual (Organiza: Asociación antidroga Renacer de Ribeira)

VII Mesa redonda sobre fomento do espírito emprendedor (Organiza: Concello de Ribeira/ SEPE/CEB/ex-alumnos/as emprendedores/as)



Celebración do Día internacional da Muller (Organiza: Orientación/ EDLG/ Biblioteca/emprendem.)

III Encontro Inter-rías para o alumnado de FPB (Organiza: Orientación e titores de FPB)

10.Outros apartados

10.1) Avaliación inicial

Realizarase una Avaliación inicial para identificar as necesidades e carencias do alumnado, e poder adaptar os contidos ao grupo.

10.2) Libro de texto

Utilizarase material elaborado polo profesor e entregarase ao alumnado mediante fotocopia.